

*2 de decembro, sesión presencial no Auditorio Municipal, agás que as recomendacións sanitarias do momento en relación coa COVID-19 aconsellen realizar esta sesión en modalidade on-line.
3 de decembro, sesión en modalidade on-line.

co-educa

OBXECTIVOS

- Fomentar a coeducación como ferramenta de prevención da violencia de xénero e de promoción da igualdade, amosando modelos coeducativos que favorecen a aprendizaxe de vivir en igualdade.

- Achegar novas ferramentas didácticas coeducativas que facilitan a identificación e o traballo na prevención da violencia de xénero.

POBOACIÓN BENEFICIARIA

Profesorado e comunidade educativa en xeral, entidades que realizan a súa intervención no eido educativo e asociacións de mulleres da cidade.

TEMPORALIZACIÓN

2 e 3 de decembro.
7 horas e 30 minutos.

UBICACIÓN

Día 2 en modalidade presencial* no Auditorio Municipal.

Día 3 en modalidade on-line.

Diploma

A Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, a través do control da asistencia á totalidade da Xornada, emitirá diploma acreditativo.

DÍA 2 DE DECEMBRO (PRESENCIAL*)

De **16:30h** Recollida de documentación.

De **16:45h** Inauguración por parte de **Don Abel Caballero Álvarez**, alcalde do Concello de Vigo.

De **17:00a 18:30h**

Relatorio: **“Desaprendendo o sexismo desde as aulas: o dereito á coeducación.”**

Dona Mª Sonia Fernández Casal. Profesora no IES Plurilingue Fontexería de Muros, Master en “Xénero e Políticas de Igualdade” pola Universidade da Coruña. Premio Concepción Arenal da Deputación da Coruña pola coordinación do proxecto: “Nos tamén navegar”.

18,30h Pausa.

De **19,00 a 20,30h**

Relatorio: **“A representación das mulleres na tecnoloxía e nos videoxogos: unha expresión da violencia exercida contra as mulleres”**.

Dona Luz Castro Pena. Docente nos graos de Comunicación Audiovisual e Creación Dixital, Animación e Videoxogos e no mestrado de Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos da UDC. Colaboradora, experta en videoxogos, no programa da CRTVG: Zig-Zag.

DÍA 3 DE DECEMBRO (ON LINE)

De **17:00 a 18,30h**

Relatorio: **“Violencias machistas no ámbito educativo”**.

Dona Marián Moreno LLaneza. Profesora de Lingua Castelá e Literatura. Especialista Universitaria en Cultura e Violencia de Xénero, UNED. Asesora do Centro de Profesorado e Recursos de Avilés e asesora de Coeducación no Instituto Asturiano da Muller.

18,30h Pausa.

De **19,00 a 20,30h**

Relatorio: **“A coeducación sexual como pedagogía para previr as violencias machistas: pautas para a súa implementación”**.

Dona Carmen Ruíz Repullo. Profesora do Departamento de Socioloxía da Universidade de Granada. Docente no Master de Estudos de Xénero da UNED. Investigadora e formadora en materia de coeducación e prevención da violencia de xénero e violencia sexual en adolescentes.

20,30h Peche da xornada a cargo de **Dona Uxía Blanco Iglesias**, concelleira delegada de Igualdade do Concello de Vigo.

***Agás que as recomendacións sanitarias do momento en relación coa COVID-19 aconsellen realizar esta sesión en modalidade on-line.**